Estimadas familias de E. Infantil de 5 anos, 1º, 4º, 5º e 6ºde E. Primaria e 2º de E.S.O.

@s seus fill@s cursarán 1º, 2º, 5 e 6º de E. Primaria ou 1º e 3º de E.S.O. no vindeiro curso escolar 2011-2012.

A Consellería de Educación e O.U. convocou **AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO**, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos en **1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria e 1º e 3º de educación secundaria obrigatória e en educación especial no curso escolar 2011-2012, e que non repitan curso**. Non obstante, o alumnado que repita 1º ou 2º de educación primaria poderá solicitar a axuda (Orde do 13 de maio de 2011, publicada no DOGA do dia 31 de maio). As solicitudes presentaranse nos **centros docentes** do 1 ao 30 de xuño de 2011 para o alumnado de educación primaria e educación especial, do 25 de xuño ao 26 de xullo de 2011 para o alumnado de educación secundaria que formalice a matricula no prazo ordinário e do 1 ao 30 de setembro de 2011 para o alumnado de educación secundaria que formalice a matricula no prazo extraordinario (Achegamos solicitude, segundo o anexo I da orde). **Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación**:

- **Fotocopia do libro de familia**. No caso de non ter libro de familia ou a situación familiar, o dia 31 de decembro de 2009, non coincide coa reflectida no libro terá que presentarase documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar, tales como: orixinal ou copia compulsada da sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do menor, certificado ou volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
- **No caso de discapacidade do alumnado ou algún membro da unidade familiar**, achegarase certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%, resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permantente para o servizo ou inutilidade.
- **No caso de situación de violencia de xénero** no contorno familiar: documentación acreditativa

A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

Unha vez procesadas as solicitudes, entregaremos un **VALE** ao solicitante, segundo o anexo II da orde, que entregará no establecemento que libremente escolla para poder adquirir os libros. No suposto de que se adquiran os libros na libraría do Colexio, non se entregaría o VALE, xa que quedaría no Centro (neste caso, os solicitantes deberán asinar o VALE na primeira reunión cos titores)

Contía das axudas:

Educación Primaria:

Familias monoparentais:

a) Renda per cápita familiar ata 6.000 € ……. ……....170 €
b) Renda per cápita familiar dende 6.000,01 € ata 9.000 €…… 90 €

Restos de familias:

a) Renda per cápita familiar ata 5.400 € ……170 €
b) Renda per cápita familiar desde 5.400,01 € ata 9.000 € …… 90 €

Educación Secundaria:

Familias monoparentais:

c) Renda per cápita familiar ata 6.000 € ……. ……....180 €
d) Renda per cápita familiar dende 6.000,01 € ata 9.000 €……104 €

Restos de familias:

c) Renda per cápita familiar ata 5.400 € ……180 €
d) Renda per cápita familiar desde 5.400,01 € ata 9.000 € ……104 €

Enténdese por renda per cápita familiar, a renda familiar dividida entre o número de membros computables. Para o cálculo da renda sumarase o importe dos recadros 455 e 465 da declaración da renda do **exercicio 2009** dos membros computables (computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %.).

Para os efectos do cálculo da renda per cápita nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, e considerarase a familia como monoparental.

Por outra parte, quen desexe mercar os libros na libraría do Centro, poderá reservalos entregando o boletín adxunto a esta circular na **Secretaría do Colexio** antes do 30 de xuño. A forma de pago será por cargo en conta en dúas mensualidades correspondentes a outubro e novembro. (de ser o caso, do importe total dos libros de texto, descontarase o importe da axuda concedida pola Consellería de Educación)

Os libros serán entregados individualmente a cada alumno na súa aula nos primeiros días de clase.

Para calquera dúbida quedamos á súa disposición.

Monforte, a 3 de xuño de 2011.

A DIRECCIÓN

Alumno/a: Curso:

Nº de conta:

☐ MERCA TODOS OS LIBROS

☐ SÓ MERCA A AXENDA E OS LIBROS ELABORADOS POLO CENTRO

Asdo. Pai/Nai/Titor